



CPI de ATIOS Valdoviño

MEMORIA DPTO. DE FRANCÉS	
CURSO	2018-19
Xefa de departamento	Laura M ^a Fernández Sánchez
Membros do departamento	-
Materia	Segunda Lingua Estranxeira Francés

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

En 1º ESO a programación cumpríuse en grao satisfactorio malia que eran grupos bastante numerosos (21 e 18 alumnos en 1º B e A, respectivamente) cun bo nivel de traballo e esforzo persoal en xeral (coa excepción que supoñen os 5 alumnos que quedan convocados para setembro). Ademais, hai que sumar a este ambiente de traballo o feito de que os alumnos xa recibiron clase de francés en 6º de Primaria na materia de libre configuración (1 hora por semana); de xeito que non partimos de cero, senón duns coñecementos básicos que serven de base para ampliar e profundizar.

Os grupos de 2º ESO foron menos numerosos, pois constaron de 13 e 16 alumnos; a programación puido cumprirse grazas a que este número de alumnos non foi demasiado elevado, sobre todo tendo en conta o baixo rendemento académico dos tres alumnos que quedan convocados para setembro.

Por outra parte, os grupos de 3º ESO (con 24 alumnos no grupo composto por alumnos procedentes de 3ºA, C e D; e 17 alumnos procedentes de B) caracterizáronse por seren grupos moi heteroxéneos de alumnos algúns dos cales manifestaron un alto nivel de rendemento académico e outros, sensiblemente máis baixo. A programación cumpríuse en contidos e tempo, aínda que algún dos contidos non foi explotado na profundidade habitual.

O único grupo de 4º ESO estivo formado por 15 alumnos procedentes de 4º A e B, compuxeron un grupo heteroxéneo de alumnos no que houbo alumnos brillantes cun moi alto rendemento en todas as materias, alumnos cun rendemento inferior e unha alumna con necesidades educativas especiais que seguiu unha adaptación curricular axeitada á súa situación. Tanto no grupo xeral coma no caso da adaptación curricular, cumpríuse a programación prevista en contidos e tempo; ningún destes alumnos quedou convocado para setembro.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

A existencia do programa Edixgal en 1º e 2º ESO motivou que, nalgunha ocasión en tales cursos, os contidos se amoldasen á orde de presentación e forma de explotación dos mesmos ofrecida por Netex. O obxectivo era que os alumnos non se sentisen perdidos e fosen recibindo os contidos na mesma orde que os atopaban na plataforma e empregando a mesma selección de léxico que se empregaba nos exercicios interactivos. Cremos que a medida foi moi positiva e redundou o beneficio dos alumnos

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Tal e como se indicou no apartado anterior, pequenas modificacións relacionadas coa orde de presentación dos contidos e a selección de léxico empregada, foron introducidas para adaptarnos á plataforma Edixgal e os contidos ofrecidos en Netex, no caso de 1º e 2º ESO. Ademais, debido ao elevado número de alumnos por aula nesta materia e ás dificultades que presentaron moitos deles para seguir axeitadamente unas clases artelladas entorno a contidos virtuais, apuntamentos e fichas proporcionadas pola profesora, a partires do curso que vén, empregaremos o caderno de exercicios da editorial Santillana: *Cahier d'exercices. Pluriel 1*, no caso de 1º ESO; e *Cahier d'exercices. Pluriel 2*, no caso de 2º ESO.

No que respecta a 3º e 4º ESO, a aula virtual desempeñou un papel fundamental á hora de artellar os contidos da materia e ofrecer actividades aos alumnos. De cara ao curso que vén dotaremos de máis contidos a aula virtual e actualizaremos algún dos existentes. Tamén nestes cursos, a partires do ano que vén, empregaremos o caderno de exercicios da editorial Santillana: *Cahier d'exercices. Pluriel 3*, no caso de 3º ESO; e *Cahier d'exercices. Pluriel 4*, no caso de 4º ESO.

D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos:

1º ESO A. Total de alumnos:18 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	1	6%	Aprobados: 15 alumnos = 83%.
9	2	11%	
8	1	6%	

7	1	6%	Suspensos: 3 alumnos = 17%.
6	6	33%	
5	4	22%	
4	0	%	
3	1	6 %	
2	2	11%	

1º ESO B. Total de alumnos: 21.			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	5	24%	Aprobados: 19 alumnos = 90%.
9	1	5%	
8	2	10%	
7	3	14%	
6	4	20%	
5	4	20%	
4	0	%	Suspensos: 2 alumnos= 10%
3	2	10%	

2º ESO A. Total de alumnos:13 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	0	%	Aprobados: 11 alumnos = 85%.
9	2	15%	
8	4	31%	
7	1	8%	
6	3	23%	
5	1	8%	
4	1	8%	Suspensos: 2 alumnos = 15%.
2	1	8 %	

2º ESO B. Total de alumnos:16 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	1	6%	Aprobados: 15 alumnos = 94%.
9	1	6%	
8	3	19%	
7	2	13%	
6	3	19%	
5	5	31%	
4	1	6%	Suspensos: 1 alumno = 6%.
3	0	%	

3º ESO A. Total de alumnos: 17 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	0	%	Aprobados: 16 alumnos = 94%.
9	3	18%	
8	2	12%	

7	4	23%	Suspensos: 1 alumno = 6%.
6	3	18%	
5	4	23%	
4	0	%	
3	1	6%	

3º ESO B. Total de alumnos: 17.			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	1	6%	Aprobados: 17 alumnos = 100%.
9	1	6%	
8	2	12%	
7	2	12%	
6	6	35%	
5	5	29%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos = %.
3	0	%	

3º ESO C. Total de alumnos:5 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	1	%	Aprobados: 5 alumnos = 100%.
9	1	%	
8	0	%	
7	1	%	
6	2	%	
5	0	%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos = %.
3	0	%	

3º ESO D. Total de alumnos: 1.			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
7	1	100%	Aprobados: 1 alumno = 100 %.

4º ESO A. Total de alumnos:10 .			
Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
10	1	10%	Aprobados: 5 alumnos = 100%.
9	2	20%	
8	1	10%	
7	1	10%	
6	3	30%	
5	2	20%	
4	0	%	Suspensos: 0 alumnos = %.
3	0	%	

4º ESO B. Total de alumnos: 5.			
--------------------------------	--	--	--

Cualificación	Nº de alumnos	Porcentaxe	Aprobados/suspensos
8	2	40%	Aprobados: 5 alumnos = 100%.
6	3	60%	Suspensos: 0 alumnos.

2. Alumnos convocados para setembro:

1º ESO: 5 alumnos.

2º ESO: 3 alumnos, máis 3 alumnos de 3º ESO coa materia pendente de 2º ESO.

3º ESO: 1 alumno, máis 1 alumno de 4º ESO coa materia pendente de 3º ESO.

4º ESO: 0 alumnos.

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

Dende o departamento suxerimos como propostas de mellora as referidas nos apartados B e C desta memoria que fan referencia aos contidos e actividades ofrecidos pola plataforma Edixgal no caso de 1º e 2º ESO; e a un incremento no uso da aula virtual no caso de 3º e 4º ESO. Tal e como deixamos constancia anteriormente das dificultades dalgúns alumnos para seguir as clases sen apoio de libros de texto e xa que a normativa impide o emprego de libros de texto nos cursos integrados no programa Edixgal (1º e 2º ESO), a partir do curso que vén:

En 1º ESO empregaremos o *Cahier d'exercices Pluriel 1*, da editorial Santillana. Paralelamente continuaremos co proxecto Edixgal, no que os alumnos contan coas unidades didácticas de Netex.

En 2º ESO empregaremos o *Cahier d'exercices Pluriel 2*, da editorial Santillana. Paralelamente continuaremos co proxecto Edixgal, no que os alumnos contan coas unidades didácticas de Netex.

En 3º ESO empregaremos o *Cahier d'exercices Pluriel 3*, da editorial Santillana e artellaremos as clases en torno á aula virtual e co material proporcionado nas clases pola profesora.

En 4º ESO empregaremos o *Cahier d'exercices Pluriel 4*, da editorial Santillana e artellaremos as clases en torno á aula virtual e co material proporcionado nas clases pola profesora.

F) Avaliación da práctica docente.

O elevado índice de aprobados en todos os cursos da ESO suxire que os alumnos foron capaces de acadar os obxectivos propostos pola profesora e que estes á súa vez foron axeitados ao seu nivel e capacidades. Neste mesmo sentido, cabe salientarse que os alumnos non referiron en xeral dificultades á hora de seguir os contidos da asignatura ou preparar os exames, coa salvedade de determinados puntos en concreto da gramática que se resolveron no momento de presentarse as dificultades.

Con respecto aos alumnos de 1º ESO, a experiencia deste curso amosou que, grazas á materia de libre configuración (francés) que cursan en 6º de Primaria, os alumnos chegan a 1º ESO cun nivel básico de francés no que coñecen os números ata o 20, as cores, a descrición física básica, os saúdos e as preguntas de cortesía e as expresións básicas para falar do tempo meteorolóxico, entre outras.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Non se realizaron actividades extraescolares ou complementarias relacionadas exclusivamente coa materia deste departamento. De cara ao curso que vén, valorarase a oferta do concello e outras entidades, así como o cartel das compañías teatrais que adaptan obras clásicas para a ESO.

H) Principais conclusións.

Os contidos ou os obxectivos propostos na Programación Didáctica son axeitados ao nivel dos alumnos. No caso de 1º e 2º ESO, a presentación dos contidos debe adaptarse á que ofrece a plataforma Edixgal para que aos alumnos lles resulte máis fácil seguir a asignatura e preparar os exames.

No tocante a 3º e 4º de ESO, debemos dotar de máis contidos á aula virtual tanto para aqueles alumnos que precisen actividades de reforzo, coma para aqueles aos que lles gustaría profundizar máis de xeito autónomo na materia.

Do mesmo xeito, e para todos os cursos, cremos que debemos empregar cadernos semellantes a libros de texto que nos serven tanto para estimular a aqueles alumnos que amosan un rendemento académico moi alto, como para axudar a aqueles que se senten máis perdidos sen o apoio dun libro cos contidos sistematizados e repertoriados en esquemas.

Valdoviño, a 27 de xuño de 2019.

Laura M^a Fernández Sánchez, xefa do Dpto. de Francés.